



M<sup>re</sup> do Carme Kruckenberg

1926 → VIGO



CONSELLERÍA DE CULTURA  
COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO  
Dirección Xeral de Promoción Cultural




Concello do  
XALOBOO  
Vigo

Estudou en Vigo pero a súa cultura fíxose lendo, viaxando e estudiando o que a fascina por riba de todo: a vida.

Dende moi nova viaxou por Europa cos seus pais, e en 1949 marcha a Bos Aires, onde vive catro anos e onde ten a súa única filla. En 1954 marcha ós Estados Unidos para acadar un mellor coñecemento da lingua e da cultura americana. Volta a Vigo e aínda sae a percorrer o mundo que tanto lle interesa.

Entre outras obras, ten publicado en galego *Cantigas de vento* (1956), *Canibal d'ourò* (1962), *Cantiga de amigo a Ramón G. Sierra do Pampillon* (1972), *A sombra ergueita* (1976), *Cantigas para un tempo esquecido* (1986), *Meditacións á beira da noite* (1997), e o conto, *O paxariño de Sevilla* en prosa (1998), ademáis de oito libros en castelán, algunhas traducións e diversas colaboracións en revistas literarias e na prensa.



Non quero esquecer nada,  
nin siquiera a inqueda  
dos espazos devecidos,  
nin as desoladas noites de espera  
febrís sen o suco da caricia.  
Non quero esquecer nada, no podo  
deixar as cinzas aterecidas  
do fogar do peito,  
nin estar xermolar de areas polo corpo.

Non quero esquecer nada. Non podo esquecer nada.

A vida de desexo é sempre breve.